

# COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

## Cine, ciencia e natureza

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) anuncia unha nova xornada de divulgación para dar a coñecer o seu patrimonio submarino ao través das producións audiovisuais.

Realizaremos unha viaxe submarina ao través de traballos audiovisuais realizados por Jorge J. Candán principalmente en Galicia para amosar diferentes formas de facer divulgación do patrimonio natural, cultural ou paisaxístico. A divulgación audiovisual é unha excelente ferramenta non só para dar a coñecer unha contorna natural ao través de atractivas secuencias nas que observar detalladamente o comportamento animal ou contemplar paisaxes idílicas, é tamén un rexistro de interese que axuda no seguimento da evolución dos ecosistemas, contribuíndo á súa conservación. Ademais, a divulgación audiovisual achega ao público aos traballos científicos e de investigación que se realizan en contornas naturais, cunha narrativa visualmente impactante, próxima e atractiva para por en valor eses traballos e sensibilizar de cara á conservación do propio espazo.

### Relator:

Jorge J. Candán Illán. Produtor de documentais e campión do mundo de vídeo submarino (2023-2021-2019-2010)

### Datas, horarios e lugar:

Sábado. 24 de maio. 19:00 a 20:00. Sede do PNMTIAG en Vigo

### Obxectivos:

Dar a coñecer a importancia das producións audiovisuais na divulgación dos valores dos espazos naturais protexidos de cara a súa conservación

Comprender que a conservación dos fondos mariño é unha peza chave para o desenvolvemento sostible

Fomentar o coñecemento e apreciación do patrimonio submarino do PNMTIAG

### Prazas: 65. Inscripción previa

Inscripcións



JJCANDÁN  
PRODUCCIONES

CINE, CIENCIA Y NATURALEZA

[www.jjcandan.com](http://www.jjcandan.com)

# COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

## Fundamentos para iniciarse na observación da natureza

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) anuncia unha nova xornada de divulgación, dividida en dúas fases, dedicada a coñecer os principios que debemos ter en conta para iniciarmos na observación da natureza.

Na xornada do sábado, fase teórica, achegarémonos ao mundo naturalista. Descubriremos como observar, identificar e rexistrar a diversidade de seres vivos que nos rodea, centrándonos na biodiversidade terrestre presente no PNMTIAG. Aprenderemos pequenas nocións que debemos ter en conta na observación de diferentes grupos biolóxicos, abarcando dende invertebrados como a vacaloura ata os mamíferos, pasando tamén polo menos coñecido mundo das plantas.

Durante o domingo, fase práctica, poderemos camiñar polas Illas Cíes, gozar e familiarizarnos coa riqueza dos seus hábitats e da diversidade de especies que neles viven. Observaremos formacións vexetais de gran interese, como as que habitan nos cordóns dunares, cantís rochosos e matogueiras, abarcando tamén a problemática das especies exóticas invasoras e tentando localizar algúns dos animais que habitan nesta illa.

- **Relator:**  
Miguel Ángel Fernández Martínez. Ecoplanin, Xestión e Información Ambiental
- **Datas, horarios e lugar:**  
Sábado. 24 de maio. 10:00 a 13:00. Fase teórica. Sede do PNMTIAG  
Domingo 25 de maio. 9:45 a 17:30. Fase práctica nas Illas Cíes  
Embarque no porto de Vigo
- **Obxectivos:**  
Proporcionar información útil para iniciarse na observación da natureza.  
Dar a coñecer hábitats e especies de especial interese que habitan no PNMTIAG
- **Prazas:** 40. Inscripción previa

Inscripcións



# COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

## Proceso de restauración da capela da Virxe dos Milagres (illa de Cortegada)

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) anuncia unha nova xornada de divulgación, na que a cidadanía poderá descubrir cómo foi o proceso de restauración da Capela da Virxe dos Milagres, na illa de Cortegada.

Federico Garrido Villa foi o coordinador dos traballos de restauración da capela da Virxe dos Milagres da illa de Cortegada, labor que comprendeu a realización de diversos estudos multidisciplinares previos e posteriores traballos de diversa tipoloxía como reconstrucción de partes derrubadas como a bóveda, tarefas de limpeza, saneamento e drenaxe do pavimento interior e colocación de carpintería de madeira. Da súa man coñeceremos os traballos realizados así como o resultado da restauración.

- **Relator:**  
Federico Garrido Villa. Arquitecto dos servizos técnicos da D.X. de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
- **Data e horario:**  
Sábado. 31 de maio. 10:30 a 11:30
- **Lugar:** capela da Virxe dos Milagres. Cortegada  
Embarque no porto de Carril ás 10:00. Regreso ás 12:30
- **Prazas:** 40. Inscripción previa

Inscripcións

